

Terapia Ocupacional celebrou o noventa aniversario da titulación con diversos actos conmemorativos

O pasado mes de marzo, a Facultade de Ciencias da Saúde conmemorou cunha xorna da festiva o 90 aniversario da fundación da titulación de Terapia Ocupacional. No salón de actos de Oza fíxose a entrega da Medalla de Ouro da Terapia Ocupacional a Alicia Chapinal Jiménez, unha das súas fundadoras. O acto estivo presidido polo vicerreitor de Estudantes, Miguel Ángel Simón, o decano, Jorge Teijeiro, e o vicedecano, Sergio Santos del Riego.

A continuación, os actos trasladáronse á Real Academia de Medicina e Cirurxía, onde tivo lugar a homenaxe á Terapia Ocupacional por parte da Real Academia e da Asociación Profesional Galega.

Ademais, a facultade aproveitou a festividade para dar a coñecer a Terapia Ocupacional entre a cidadanía. Estudantes dos tres cursos da titulación instalaron unha carpa informativa no centro da cidade, nos xardíns de Méndez Núñez, durante toda a xornada. Nela realizaron diferentes actividades divulgativas do obxectivo de intervención da Terapia Ocupacional: os diferentes colectivos que, por distintas causas psíquicas, físicas, sensoriais ou socioculturais, están en situación de discapacidade ou marxinación social.



Alicia Chapinal Jiménez recibindo a Medalla de Ouro en calidade de co-fundadora da titulación